



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 4 DE ABRIL DE 2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO CON DATA 4 DE ABRIL DE 2016

SRES. ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Manuel Corzo Macías

Concelleiros

Grupo Popular

D. Manuel Rey Rionegro
D. Darío Carracedo Vidueira
Dna. Salesa Losada Fernández
D. José Vega Martínez
Dna. Lucía Fernández Sobrino

Grupo Socialista

D. Magín Fernández Fernández
D. Juan Ferreira Ricón
D. Vicente Sabín Fernández

Secretaria-interventora

Dna. Carmen Sotelo Casado

Sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día enriba indicado, constituíuse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, en primeira convocatoria, o Pleno Municipal para celebrar sesión ordinaria. Da fe do acto a Secretaria do Concello.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, pasáronse a tratar os puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 18 DE XANEIRO DE 2016

Non producíndose intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor todos os concelleiros presentes, como consecuencia da votación anterior o acta do día 18 de xaneiro de 2016 queda aprobada por unanimidade dos presentes.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 4 DE ABRIL DE 2016

2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA.-

RELACIÓN DE DECRETOS DE ALCALDÍA PARA DAR CONTA NO PLENO DO DÍA 4 DE ABRIL DE 2016

DATA	DECRETOS DE SECRETARIA
07/01/2016	Convocatoria Xunta de Goberno Local o día 11 de xaneiro de 2016
11/01/2016	Nomeamento de D. Bienvenido Martinez Perez representante do Alcalde en Teixido
13/01/2016	Convocatoria de Pleno ordinario o día 18 de xaneiro de 2016
20/01/2016	Autorización festas en Valbuxan o día 23 de xaneiro de 2016
20/01/2016	Aprobación padron auga 4º trimestre 2015, por importe de 3.519,34 euros, IVE incluído
27/01/2016	Creación e posta en funcionamento do Servizo Intermunicipal de Protección Medioambiental có concello de A Veiga
27/01/2016	Creación Servizo Intermunicipal de Promoción e Información Turística das Terras de Trevinca- Terras de O Bolo, có concello de A Veiga
04/02/2016	Licenza definitiva establecemento de turismo rural en Celeiros a Dna. Consuelo Sabín Vega
04/02/2016	Alta padron recollida de lixo a D. Alberto Vazquez Rodriguez no lugar de Celavente
05/02/2016	Convocatoria Xunta de Goberno Local o día 10 de febreiro de 2016
08/02/2016	Aprobación pregos e expediente para o contrato de arquitecto: asesoramento urbanístico de O Bolo
08/02/2016	Nomeamento de D. Angel Alvarez Fernandez representante do Alcalde en San Martiño
12/02/2016	Prórroga do contrato de limpeza edificios municipais
23/02/2016	Votar representante suplente da comarca de Valdeorras ao concello de Rubiá na recollida animais
25/02/2016	Aprobación 3ª fase da obra de abastecemento e saneamento en Teixido
25/02/2016	Solicitude de subvención para o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explot
25/02/2016	Designación Director de Obra da 3ª fase de saneamento e abastecemento en Teixido
29/02/2016	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Goberno o día 3 de marzo de 2016
29/02/2016	Alta no padrón de recollida de lixo de D. Luis Fernandez Gomez no lugar de Barxa
29/02/2016	Adxudicación provisional do contrato de Arquitecto: asesoramento urbanístico
01/03/2016	Nomeamento de D. Antonio Blanes Torres representante do Alcalde en Outardepregos
03/03/2016	Aluguer da vivenda en César Conti, 30-1º B a D. David Paradela Mourelle
04/03/2016	Licenza de obra nas Ermitas, 67 a D. Antonio Rey García
04/03/2016	Licenza de obra nas Ermitas a D. Agustín Pérez Blanco
04/03/2016	Recoñecemento dun trienio a Dna. Carmen Sotelo Casado, secretaria-interventora do concello
08/03/2016	Adxudicación definitiva do contrato de Arquitecto: asesoramento urbanístico
11/03/2016	Devolución fianza contrato anterior a D. Francisco Rodriguez Vega, asesor urbanístico municipal
17/03/2016	Alta no Servizo de axuda no fogar de Dna. Remedios Blanco Álvarez, Tuxe
18/03/2016	Alta no padrón de recollida de lixo de D. David Paradela Mourelle
22/03/2016	Autorización de festas en Cambela o día 26 de marzo de 2016
23/03/2016	Baixa no padrón de recollida de lixo de Dna. Antonia Rodriguez Martinez, en Chaodasdonas
28/03/2016	Dar por presentada comunicación previa de inicio de actividade de velatorio na Residencia de Anciáns



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 4 DE ABRIL DE 2016

RELACIÓN DE DECRETOS DE ALCALDÍA PARA DAR CONTA NO PLENO DO DÍA 4 DE ABRIL DE 2016

DATA	DECRETOS DE INTERVENCIÓN
05/01/2016	DI 1/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 2.170,00 euros
07/01/2016	DI 2/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 177,17 euros
11/01/2016	DI 3/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 228,21 euros
15/01/2016	DI 4/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 973,89 euros
18/01/2016	DI 5/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 6.652,44 euros
19/01/2016	DI 6/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 350,91 euros
20/01/2016	DI 7/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 363,00 euros
22/01/2016	DI 8/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 3.895,76 euros
25/01/2016	DI 9/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 162,72 euros
26/01/2016	DI 10/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 24,10 euros
28/01/2016	DI 11/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 7.597,26 euros
01/02/2016	DI 12/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 222,09 euros
04/02/2016	DI 13/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 522,27 euros
05/02/2016	DI 14/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 24,20 euros
08/02/2016	DI 15/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 49.406,56 euros
09/02/2016	DI 16/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 2.901,49 euros
16/02/2016	DI 17/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 31.336,88 euros
18/02/2016	DI 18/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 30,98 euros
19/02/2016	DI 19/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 359,56 euros
23/02/2016	DI 20/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 3.923,11 euros
26/02/2016	DI 21/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 7.566,22 euros
02/03/2016	DI 22/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 43.661,32 euros
03/03/2016	DI 23/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 40,95 euros
04/03/2016	DI 24/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 151,34 euros
07/03/2016	DI 25/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 24,20 euros
08/03/2016	DI 26/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 1.781,12 euros
09/03/2016	DI 27/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 742,24 euros
09/03/2016	DI 28/2016 RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS POR IMPORTE DE 322,67 euros

Non producíndose intervencións os presentes quedan enterados.

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2015.-

Os presentes **quedan enterados** do Decreto de Alcaldía de data 4 de febreiro de 2016, de liquidación do orzamento do exercicio 2015, cuxas determinacións son as seguintes:

a.- Fondos líquidos	476.040,18
b.- Dereitos pendentes de cobro	657.491,98
c.- Obrigas pendentes de pago	119.006,32
d.- Remanente de tesourería total	1.014.525,84
e.- Saldos de dudoso cobro	562.346,65
f.- Remanente de tesorería para gastos generales	452.179,19



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 4 DE ABRIL DE 2016

4.- ADOPCIÓN DE ACORDO DE DISOLUCIÓN DO CONSORCIO COMARCAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DE VALDEORRAS.-

Sendo as dez horas e trinta e nove minutos incorpórase á sesión D. Magín Fernández Fernández. O Sr. Presidente dá lectura da proposta que se somete ao Pleno da Corporación:

“Vista a documentación relativa á disolución do Consorcio comarcal contra incendios e salvamento da comarca de Valdeorras pola adhesión ao Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da provincia de Ourense

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado a disolución do Consorcio Comarcal contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras

2º.- A disolución terá plenos efectos o 1 de xaneiro de 2016

3º.- A disolución implicará a cesión global ao Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Provincia de Ourense da totalidade de activos e pasivos que integran o patrimonio do Consorcio a 31 de Decembro de 2015.”

O Portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Ferreira Ricón, pregunta se se vai a manter a base, contestando o Sr. Presidente que desaparece todo e pasa a Ourense.

Non producíndose máis intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor todos os concelleiros presentes, como consecuencia da votación anterior queda aprobado por unanimidade:

1º.- Aprobado a disolución do Consorcio Comarcal contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras

2º.- A disolución terá plenos efectos o 1 de xaneiro de 2016

3º.- A disolución implicará a cesión global ao Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Provincia de Ourense da totalidade de activos e pasivos que integran o patrimonio do Consorcio a 31 de Decembro de 2015.

5.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS.-

O Sr. Presidente dá lectura da proposta que se somete ao Pleno da Corporación:

“Vista a proposta presentada polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Ourense de adhesión ao Convenio marco de cooperación en materia de inspección dos tributos municipais, que se estende á taxa do 1,5 que afecta a empresas subministradoras e comercializadoras de enerxía eléctrica, gas etc., á inspección do Imposto sobre actividades económicas e ao Imposto de construcións, instalacións e obras



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 4 DE ABRIL DE 2016

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- A adhesión ao Convenio marco de cooperación en materia de inspección dos tributos municipais

2º.- Exceptúase a inspección do Imposto de construcións, instalacións e obras

O Portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Ferreira Ricón, manifesta que se vai ser tan eficaz como coas taxas, mal vai, que non son eficaces, dicindo o Sr. Presidente que todos queren o mellor.

Non producíndose máis intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor os seis concelleiros do Grupo municipal popular e absténdose os tres concelleiros do Grupo municipal socialista como consecuencia da votación anterior queda aprobado por maioría:

1º.- A adhesión ao Convenio marco de cooperación en materia de inspección dos tributos municipais

2º.- Exceptúase a inspección do Imposto de construcións, instalacións e obras

6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O INORDE E OS CONCELLOS DO XEODESTINO MANZANEDA-TREVINCA, PARA A EXECUCIÓN DA 1ª FASE DO PLAN DIRECTOR DO XEODESTINO Nº 12 MANZANEDA-TREVINCA.-

O Sr. Presidente dá lectura da proposta que se somete ao Pleno da Corporación:

Visto o acordo do Consello Reitor do Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE) polo que se aprobou o Convenio de Cooperación entre o INORDE e os Concellos de O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Petín, A Pobra de Trives, A Rúa, Rubiá, San Xoán de Río, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras, do Xeodestino Manzaneda-Trevinca

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado o convenio de colaboración entre o INORDE e os Concellos do Xeodestino Manzaneda-Trevinca para executar a 1ª fase do Plan Director do Xeodestino nº 12 Manzaneda-Trevinca.

O Sr. Alcalde informa os presentes que houbo unha reunión en Trives, que se trata de promocionar o turismo na comarca de Trives e Valdeorras e que o levará o Inorde.

O portavoz do Grupo municipal socialista, Sr. Ferreira Ricón manifesta que o seu Grupo non se opón, pero que xa houbo un intentto que foi errado e que apostan por esta alternativa, porque O Bolo ten recursos turísticos que se poden ofertar e que o concello ten que facer un esforzo; contestando o Sr. Alcalde que defenden o noso ao máximo. O Sr. Ferreira pide que os manteña informados, contestando o Presidente que cando veñan facer o proxecto informárase o Portavoz socialista.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 4 DE ABRIL DE 2016

Non producíndose máis intervencións o Presidente somete o punto a votación, votando a favor todos os concelleiros presentes; como consecuencia da votación anterior os presentes acordan por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o INORDE e os Concellos do Xeodestino Manzaneda-Trevinca para executar a 1ª fase do Plan Director do Xeodestino nº 12 Manzaneda-Trevinca.

7.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2016.-

O Sr. Presidente manifesta que os orzamentos non os fai el, que os fai a secretaria.

O Portavoz do Grupo municipal socialista, Sr. Ferreira Ricón, pide ao Presidente que sexa xeneroso co tempo, contestando o Presidente que non quere enfadarse e que se controle.

O Sr. Ferreira di que pensa que os orzamentos son decisión política e tería que facelos o Alcalde, porque ten unha boa Corporación pero un mal adestrador; segue dicindo que os orzamentos son cortar e pegar, que estivo a ver os orzamentos do últimos dez anos e son os mesmos, que hai que ter máis creatividade, dar máis servizos; que os ingresos son os mesmos, impostos, taxas e subvencións, que son máis do 70 por 100 do orzamento, que o concello vive de esmola, que hai que ter iniciativa e buscar novos recursos; que a poboación é maior, con moitas necesidades e necesítanse máis recursos; que non hai nenos, que eles quitarían as axudas para nenos e buscarían emprego para os pais, porque se non hai traballo non hai diñeiro.

Expón que non hai servizos e os que hai son deficitarios, que se necesitan máis iniciativas para crear emprego, que hai pobreza, que este municipio ten a renda per cápita máis baixa de Galicia, que hai familias pobres que menten porque lle quitan aos fillos, hai pobreza enerxética, segue dicindo que ten fotos de estradas cheas de fochancas, que non se abre a biblioteca, nin o campo de fútbol, nin o castelo, todo iso tense que recoller no orzamento e pide ao Alcalde que lle dea competencias aos seus concelleiros; respecto ao cobro dos recibos de auga di que Recadación non ten documentación e que transcorridos catro anos prescriben, e agora pasarán dous recibos e pregunta ao alcalde se o vai a permitir, contestando o alcalde que si, respondendo o Sr. Ferreira que se non fan ben a xestión pódese cambiar de empresa; di ao Alcalde que máis despacho e menos camiños, que hai que facer xestión, que nomea pedáneos e asesores, como o do Seixo, que dá pena co portátil nunha man e o cachorro na outra, a Sra. Losada Fernández di ao Sr. Ferreira que está a faltar ao respecto e a unha persoa que non está presente, contestando o Sr. Ferreira que é unha descrición, dicíndolle o Alcalde que non critique que todos temos defectos, contestando o Sr. Ferreira que é unha descrición.

O Sr. Alcalde comina ao Portavoz socialista a que vaia terminando a súa exposición.

O Sr. Ferreira manifesta que os orzamentos están inflados e son os mesmos de sempre, que a auga leva anos sen cobrarse e aparecen os ingresos en todos os orzamentos; que as subvencións da Deputación polo menos este ano baixaron de 100.000 a 75.000 euros e están infladas; segue dicindo que eles son os malos, o Alcalde pídelle que termine, e o Portavoz di que o Alcalde tarde, mal e nunca, e que non aprobarán os orzamentos ata que sexan imaxinativos.

O Sr. Alcalde preguntalle como pode pedir que se quite a axuda para os nenos, que el lles deu leite para que non pasarán fame, contestando o Sr. Ferreira que a cambio de traballo para os pais e que non lle terxiverse as palabras; o Alcalde di que o municipio non ten a renda máis baixa de Galicia, contestando o Sr. Ferreira que si; segue dicindo o Alcalde que o castelo non se abre porque non se pode contratar persoal, manifestando o Sr. Ferreira que o castelo se abría cando



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 4 DE ABRIL DE 2016

se vendía o viño do Alcalde, dicindo o Sr. Alcalde que iso é mentira, contestando o Sr. Ferreira que xa saíu noutro Pleno e o Sr. Magín Fernández Fernández di que o comprou alí, manifestando o Sr. Ferreira que se pediu que se vendesen os produtos da zona.

O Sr. Alcalde di que os concelleiros non cobran e hai diñeiro, contestando o Sr. Ferreira que poden renunciar ás asistencias se é viable legalmente, dicindo o Sr. Alcalde que eles non renuncian.

O Portavoz socialista quere que conste que o Alcalde prohíbe debater os plenos con amplitude, contestando o Alcalde que falou durante 21 minutos e que a próxima vez xa verá, dicindo Sr. Ferreira que 15, 14 ou menos minutos.

Non producíndose máis intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor os seis concelleiros do Grupo municipal popular e en contra os tres concelleiros do Grupo municipal socialista como consecuencia da votación anterior queda aprobado inicialmente por maioría o orzamento municipal para o exercicio 2016.

8.- MOCIÓNS.-

Non houbo

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Ou Sr. Alcalde di que vai dar contestación a todos os escritos presentados polo Portavoz do Grupo Municipal Socialista, contestando o Sr. Ferreira que pediu a información por escrito e quere a contestación por escrito e quere que quede constancia en acta; o Sr. Alcalde di que se lle darán as contestacións por escrito

Sen máis asuntos a tratar, o Sr. Presidente levantou a sesión ás once horas e dez minutos do día do seu comezo, do que, como secretaria, dou fe.